



EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

ANUNCIO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DO 13 DE MARZO DE 2026 NO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO EN CATRO (4) PRAZAS DENOMINADAS PEÓN/PEOA REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS, INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2023 E 2024.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 13 de marzo de 2026 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO DE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO EN CATRO (4) PRAZAS DENOMINADAS PEÓN/A REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS, DE PERSOAL LABORAL FIXO NA DEPUTACIÓN DE LUGO, DÚAS (2) INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023, APARTADO IB) TAXA ESPECÍFICA Á QUE SE REFIRE A LOXE 2023, ART 20.DOS.4, IB)2. RÉXIME XURÍDICO LABORAL; E DÚAS (2) NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2024, APARTADO IA) TAXA ORDINARIA DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS, IA)2 RÉXIME XURÍDICO LABORAL, POLO SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN, COTA XERAL, ACCESO LIBRE.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente as prazas do cadro de persoal laboral que a continuación se indican, vacantes e dotadas, dúas (2) incluídas nas Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia de 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixida por resolución da presidencia do 15.01.2024 (BOP núm. 015, do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165, do 17.07.2024), que figuran no apartado IB) TAXA ESPECÍFICA Á QUE SE REFIRE A LOXE 2023, ART.20.DOS.4, IB)2. RÉXIME XURÍDICO LABORAL, IB)2.1 COTA XERAL; e dúas (2) incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2024, aprobada por resolución da presidencia do 27.12.2024 e publicada no BOP de Lugo núm. 301, do 31.12.2024, que figuran no apartado IA) TAXA ORDINARIA DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS, IA)2 RÉXIME XURÍDICO LABORAL, polo sistema de concurso-oposición, cota xeral, acceso libre, e aprobar as bases específicas que complementarán ás bases xerais publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2. CARACTERIZACIÓN DA PRAZA

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	GRUPO SUBGRUPO	COTA
2	2023	3347 3332	Peón/a reparación vías provinciais	1726 1447	Peón/a reparación vías provinciais entrada	AP	Xeral
2	2024	3324 3348		1439 1727			

3. NORMATIVA DE APLICACIÓN

As convocatorias e as bases dos procesos selectivos para o ingreso como persoal laboral están sometidos a normativa vixente:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- Lei 30/1984, do 2 de agosto de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).
- Real decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

- *Real decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TRLEBEP).*
- *Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (ET).*
- *Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG).*
- *Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.*
- *Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.*
- *Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos da Entidade (BOP núm. 226, do 30.09.2006) da Deputación Provincial de Lugo.*
- *Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.*
- *Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.*
- *Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 03.09.2020)*
- *Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 026, do 31.01.1991) e as súas posteriores modificacións.*
- *Convenio colectivo para persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 200, do 30.08.1990) e as súas posteriores modificacións.*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).*
- *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).*
- *Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDCC).*

4. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

A) CONVOCATORIA

As prazas que se pretenden convocar están incluídas na oferta de emprego público (OEP) do ano 2023, no apartado IB) TAXA ESPECÍFICA Á QUE SE REFIRE A LOXE 2023, ART.20.DOS.4, IB)2. RÉXIME XURÍDICO LABORAL; e na OEP do ano 2024, apartado IA) TAXA ORDINARIA DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS, IA)2 RÉXIME XURÍDICO LABORAL, acceso libre, non estando caducadas por non transcorrer o prazo de tres anos dende a súa publicación no BOP, figurando no cadro de persoal laboral como vacantes dotadas, cumpríndose o sinalado no:

- *Artigo 70 do TRLEBEP, que sinala: "(...) a execución da Oferta de Emprego Público (...) deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos".*
- *Artigo 91.2 da LRRL "a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de (...), oposición ou concurso-oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade".*

B) SISTEMA SELECTIVO

O sistema selectivo ao que debe acudirse é o concurso - oposición, cumprindo a normativa e acordos que a continuación se sinalan:

- *O Artigo 31.2 do Convenio Colectivo Único para persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo: "Toda selección de persoal laboral fixo deberá realizarse de conformidade con dicha Oferta (Oferta de Emprego Público) mediante convocatoria pública e a través dos sistemas de concurso, oposición ou concurso - oposición nos que se garanta os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade"*
- *Artigo 61.6 do TRLEBEP: "os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición (...). Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso (...)"*
- *Artigo 171.2 do TRRL: "O ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso-oposición libre, segundo acorde a Corporación respectiva, e requirirase estar en posesión do título académico ou profesional correspondente á clase ou especialidade de que se trate..."*
- *Artigo 8.4 do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos BOP núm. 226, do 30.09.2006), que sinala:*

“Na Subescala de Servizos Especiais as prazas de Labores Especiais se provistarán así mesmo polo sistema de oposición libre con carácter xeral, salvo nos supostos debidamente motivados, en que a aptitude específica propia desta Subescala esixa coñecementos, habilidades e aptitudes que deban ser acreditados necesariamente na fase de concurso, nese caso o procedemento de selección será o concurso-oposición”.

- *Acordo alcanzado na Mexa Xeral de Negociación, do 11 de outubro de 2018, coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da Entidade, de xeito unánime, tense establecido que os procesos selectivos de prazas, correspondentes a acceso libre e recollidas nas Ofertas de Emprego Público, sempre que así se estableza na normativa de aplicación utilizarase preferentemente o sistema selectivo de concurso-oposición.*

Motívase e fundaméntase a decisión de acudir ao concurso-oposición nos seguintes aspectos:

- a) A valoración da experiencia profesional adquirida polas persoas aspirantes no desempeño das funcións que se corresponden co posto de traballo vinculado á praza que se convoca (xa fora esta adquirida ao servizo da Deputación Provincial de Lugo ou doutra Administración pública, ou incluso en entidades privadas) presupón unha maior garantía dun mellor desempeño do traballo das persoas aspirantes, a igualdade de coñecementos acreditados na fase de oposición, o que redundará en beneficio da organización ao precisarse menor tempo de adaptación aos requirimentos do posto para o seu desempeño eficaz e eficiente.*
- b) Do mesmo xeito, a formación específica, sexa regulada ou complementaria, previa ao ingreso, relacionada coas funcións e tarefas das prazas que se convocan e do seu correspondente posto de traballo, tamén é beneficioso para o desempeño destas.*

C) GRUPO/SUBGRUPO E CLASIFICACIÓN

As prazas de peón/a reparación vías provinciais pertencen a Agrupacións Profesionais (AP) (Disposición Adicional sexta do TRLEBP, por remisión do convenio colectivo único da deputación provincial de Lugo).

D) REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

As persoas aspirantes deberán cumprir os requisitos sinalados no artigo 56 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido la Lei do estatuto básico do empregado público (TRLEBP) e, de acordo co apartado c) do art. 135, do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril; polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, e coa disposición adicional sexta do TRLEBP, non será necesario estar en posesión de ningunha titulación académica oficial.

E) APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES

A convocatoria e a aprobación das bases específicas deberá realizarse por acordo da Xunta de Goberno conforme ao establecido no art. 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.

As bases xerais que rexerán o proceso selectivo son as aprobadas pola Xunta de Goberno, de data 12.03.2021, e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

F) CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE

O procedemento selectivo:

- a) Garante a libre concorrència así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:*
 - *Artigo 55.1 do TRLEBP: “todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”.*
 - *Artigo 55.2 do TRLEBP: “as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*
- a) Publicidade das convocatorias e das súas bases.*
- b) Transparencia.*
- c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*
- d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*
- e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*
- f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.*
- *Artigo 61.1 do TRLEBP: “os procesos selectivos terán carácter aberto, garantindo a libre concorrència sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas.”.*

- b) Recolle o contido esixido no RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
- c) Respectan a porcentaxe máxima para a fase de concurso (40% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo) sinalada respecto da puntuación total que se determina o artigo 56, apartado 3 da LEPL.

5. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º. Aprobación das bases específicas que rexerán o procedemento selectivo para o ingreso como persoal laboral fixo, na Deputación Provincial de Lugo, nas seguintes prazas vacantes, dotadas orzamentariamente, dúas (2) incluídas na OEP do ano 2023, no apartado IB) TAXA ESPECÍFICA Á QUE SE REFIRE A LOXE 2023, ART.20.DOS.4, IB)2. RÉXIME XURÍDICO LABORAL, e dúas (2) incluídas na OEP do ano 2024, no apartado IA) TAXA ORDINARIA DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS, IA)2 RÉXIME XURÍDICO LABORAL, taxa xeral, polo sistema de concurso-oposición, acceso libre:

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	GRUPO SUBGRUPO	COTA
2	2023	3347 3332	Peón/a reparación vías provinciais	1726 1447	Peón/a reparación vías provinciais entrada	AP	Xeral
2	2024	3324 3348		1439 1727			

As bases específicas complementarían as bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12.03.2021 e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2º. Convocar publicamente a quen desexa participar no proceso selectivo.

3º. Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita”.

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN CATRO (4) PRAZAS DENOMINADAS PEÓN/A REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS, DÚAS (2) INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023, APARTADO IB) TAXA ESPECÍFICA Á QUE SE REFIRE A LOXE 2023, ART 20.DOS.4, IB)2. RÉXIME XURÍDICO LABORAL; E DÚAS (2) NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2024, APARTADO IA) TAXA ORDINARIA DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS, IA)2 RÉXIME XURÍDICO LABORAL, COTA XERAL POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, ACCESO LIBRE.

1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal laboral, incluídas na oferta de emprego, acceso libre.

2. PRAZAS QUE SE CONVOCAN

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	GRUPO SUBGRUPO	COTA
2	2023	3347 3332	Peón/a reparación vías provinciais	1726 1447	Peón/a reparación vías provinciais entrada	AP	Xeral
2	2024	3324 3348		1439 1727			

3. RETRIBUCIÓN

As prazas convocadas, e os correspondentes postos que ocuparán as persoas seleccionadas, atópanse dotadas no orzamento vixente, correspondéndolles as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 Lei 30/84, do 2 de agosto, de Medidas de Reforma do Función Pública e as disposicións aplicables nesta materia.

4. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza como superior/a xerárquico/a, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

5.1 Titulación académica (complemento da base xeral 4 apartado e)

De acordo co apartado c) do art. 135, do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril; polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e coa disposición adicional sexta do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido la Lei do estatuto básico do empregado público (EBEP):

TITULACIÓNS ACADÉMICAS
Non será necesario estar en posesión de ningunha titulación académica oficial.

5.2 Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): **CELGA 2.**

6. PROCEDEMENTO SE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN

7. FASE DE OPOSICIÓN

Constará dos seguintes exercicios, todos eles obrigatorios e eliminatorios.

A puntuación total da fase de oposición é de **50 puntos**.

7.1 PRIMEIRO EXERCICIO

A elección do Tribunal o primeiro exercicio poderá consistir nas seguintes opcións:

a) Na exposición por escrito dun tema de carácter xeral relacionado no apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa, sen que teña que aterse aos epígrafes concretos dos temas, cun tempo máximo para realizar o exercicio de dúas (2) horas.

b) Na exposición por escrito dun tema seleccionado por sorteo entre os contidos no apartado A) MATERIAS COMÚNS do programa, cun tempo máximo para realizar o exercicio de unha (1) hora.

c) Nun exercicio tipo test dun máximo de vinte (20) preguntas e catro (4) preguntas de reserva, con tres respostas alternativas, que abarque a totalidade do programa de MATERIAS COMÚNS, cun tempo máximo para realizalo de vinte e cinco (25) minutos. O Tribunal elaborará o exame tipo test e fixará os criterios para a súa corrección, podendo penalizar as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos de corrección.

No caso de que se opte polas modalidades a) ou b) o exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, a proposta deste, na data que este determine, podendo asistir as demais persoas aspirantes..

Este exercicio será obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 10 puntos sendo necesario obter unha puntuación mínima de 5 para superalo.

7.2 SEGUNDO EXERCICIO

Consistirá na exposición por escrito dun (1) tema, seleccionados por sorteo, entre os temas contidos no apartado B) MATERIAS ESPECÍFICAS do programa.

O tempo máximo para a realización do segundo exercicio será de unha (1) hora.

Este exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, a proposta deste, na data que este determine, podendo asistir as demais persoas aspirantes.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para superalo.

7.3 TERCEIRO EXERCICIO

Consistirá nun suposto práctico que terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa nun suposto concreto que responda ás funcións ou tarefas das prazas/postos que se convocan.

O tempo máximo para realizar o exercicio será de unha (1) hora e trinta (30) minutos.

Este exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal, a proposta deste, na data que este determine, podendo asistir as demais persoas aspirantes.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada persoa aspirante.

O Tribunal decidirá se as persoas aspirantes, para a realización do exercicio poden vir provistas da normativa, excluíndose textos doutrinais, textos legais concordados, anotados e/ou comentados, formularios ou similares.

Este exercicio poderá ser realizado ou transcrito utilizando as ferramentas informáticas que sexan necesarias a criterio do Tribunal.

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio; puntuarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para superalo.

7.4 CUARTO EJERCICIO: PROBA DE GALEGO

En cumprimento do sinalado no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, a proba de galego consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán cuxo contido corresponderá ao esixido para a obtención da acreditación do nivel de galego que se esixe na base específica 5.2.

Estarán exentos da realización da proba de galego as persoas aspirantes que acrediten posuír, dentro do prazo de presentación de solicitudes, o nivel de galego esixido na base específica 5.2.

Esta exercicio é obrigatorio e eliminatorio; cualificarase como apto ou non apto, sendo necesario obter o resultado de apto para superalo.

8. FASE DE CONCURSO.

A puntuación total da fase de concurso é de **30 puntos**.

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso unicamente ás persoas aspirantes que superaren a fase de oposición.

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL. A puntuación máxima deste apartado é de **16 puntos**.

▪ Criterios de Valoración da experiencia profesional

Valorarase unicamente a experiencia profesional que teña relación coa praza/posto que se convoca sempre que fose como persoal funcionario ou persoal laboral.

Entenderase por prestación de servizos coas mesmas funcións cando se acreditan coa mesma denominación.

Entenderase que se desempeñou praza/posto similar, cando a prestación de servizos se realiza dentro da mesma rama, especialidade e área de actividade.

O cálculo realizarase sumando o número de días dos períodos que se valoran, conforme os datos que figuran no informe de vida laboral, dividíndose o resultado entre trinta (30) e multiplicando o cociente desprezando os decimais por a puntuación que corresponda conforme a táboa que se sinala a continuación.

No suposto de relacións laborais ou de servizo de carácter parcial a puntuación aplicarase segundo a porcentaxe de parcialidade, computando o tempo da concreta relación laboral que apareza sinalada no Informe de Vida Laboral.

Non se valorarán bolsas, becas, servizos como autónomos, nin as prácticas incluídas nos plans de estudos das titulación académicas.

▪ Cadro de valoración da experiencia profesional:

Administración Local - Deputación Provincial de Lugo

Desempeño de praza/posto/emprego con funcións			
Iguais á praza/posto convocado	Similares á praza/posto convocado con titulación		
	Superior	Igual	Inferior
0,20 x cada 30 días	0,134 x cada 30 días	0,100 x cada 30 días	0,067 x cada 30 días

Outras Administracións Locais

Desempeño de praza/posto/emprego con funcións			
Iguais á praza/posto convocado	Similares á praza/posto convocado con titulación		
	Superior	Igual	Inferior
0,150 x cada 30 días	0,100 x cada 30 días	0,075x cada30 días	0,050 x cada30 días

Outras Administracións Públicas, Organismos autónomos de carácter administrativo dependentes desta, ou outras entidades que rexan por normas de dereito administrativo

Desempeño de praza/posto/emprego con funcións			
Iguais á praza/posto convocado	Similares á praza/posto convocado con titulación		
	Superior	Igual	Inferior
0,125 x 30 días	0,084 x 30 días	0,063 x 30 días	0,042 x 30 días

Entidades do sector público que non se rexan por normas de dereito administrativo

Desempeño de praza/posto/emprego coas mesmas funcións que a praza/posto convocado	0,050 x 30 días
--	-----------------

Entidades Privadas

Desempeño de praza/posto/emprego coas mesmas funcións que a praza/posto convocado	0,040 x 30 días
--	-----------------

▪ **Forma de acreditar a experiencia.**

Os documentos acreditativos deberán ser orixinais (documentos con sinatura electrónica ou código seguro de verificación), copias autenticadas ou copias compulsadas.

- A experiencia en Administracións Públicas, organismos autónomos dependentes desta ou entidades do sector público que se rexan por normas de dereito administrativo deberá acreditarse mediante:

a) Informe de vida laboral actualizado.

b) Certificado oficial de servizos que exprese a praza/posto/emprego desempeñado, así como o tempo de servizos prestados, con indicación do réxime xurídico.

- A experiencia en Entidades do Sector Público que non se rexan por normas de dereito administrativo e Entidades Privadas, deberá acreditarse mediante:

a) Informe de vida laboral actualizado.

b) Contrato laboral de cada período que pretenda acreditar reflectido na vida laboral. O contrato deberá acreditar a denominación do emprego. Tamén poderá acreditarse mediante unha nómina de cada un dos períodos na que figure a denominación da praza/posto/emprego e antigüidade.

B FORMACIÓN A puntuación máxima deste apartado é de **14 puntos**.

Valorarase a formación que sexa relacionada co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

B-1 TITULACIÓNS ACADÉMICAS OFICIAIS. A puntuación máxima deste apartado é de **4 puntos**.

▪ **Criterios de puntuación das titulacións académicas**

Valoraranse as titulacións que sexan relacionadas ou relevantes para o desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

Non se valorará a titulación académica esixida para participar no procedemento selectivo que se convoca.

Cando o aspirante teña máis de unha titulación de acceso, poderá valorarse as que excedan da necesaria.

Non se valorarán as titulacións que forman parte do itinerario para obter a titulación esixida para participar no procedemento selectivo.

Cando se posúa máis dunha titulación na mesma rama ou especialidade, só se puntuará a superior.

▪ **Cadro de valoración titulacións académicas:**

	PUNTUACIÓN	
	RELACIONADA	RELEVANTE
TITULACIÓN UNIVERSITARIA		
DOUTORAMENTO	3,00	4,00
MASTER OFICIAL	2,75	3,75
LICENCIATURA	2,50	3,50
GRAO	2,00	3,00
DIPLOMATURA	1,50	2,50
TITULACIÓN DE FORMACIÓN PROFESIONAL		
FP CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN (FPC)	1,00	2,00
FP GRAO SUPERIOR (FPGS)	0,75	1,75
FP GRAO MEDIO (FPGM)	0,50	1,50
FP BÁSICA (FPB)	0,25	1,25
TÍTULOS DE		
BACHARELATO	0,40	1,40
ESO	0,20	1,20

▪ **Forma de acreditar as titulacións académicas**

As titulacións académicas oficiais acreditaranse mediante orixinal (que conte co código de verificación da Entidade emisora), copia autenticada ou copia compulsada do título ou certificación de solicitude do abono dos dereitos de expedición (no caso de equivalencia ou homologación de titulacións, deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas).

B-2 MÁSTERES PROPIOS, CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE, CURSOS, XORNADAS, SEMINARIOS, CONGRESOS E SIMILARES. A puntuación máxima neste apartado é de **8 puntos**.

▪ **Criterios de puntuación**

Valoraranse as actividades formativas que estean relacionadas co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca impartidas nos plans de formación da Deputación Provincial de Lugo, na Escola Galega de Administración Pública, a Academia Galega de Seguridade Pública, o Instituto Nacional de Administracións Públicas, ou nas Escolas oficiais de formación similares do estado, comunidades autónomas e administración local, universidades públicas, as impartidas no marco do acordo de formación para o emprego das administracións públicas e as impartidas polos colexios profesionais que versen sobre materias propias da súa especialidade.

Excepcionalmente poderán puntuarse actividades formativas impartidas por outros organismos ou entidades públicas ou privadas cando a xuízo do Tribunal, se motive a decisión.

Cando as persoas aspirantes acrediten actividades formativas sobre a mesma materia, quedará a xuízo do tribunal puntuar as de maior contido, as máis actuais ou puntuar todas, motivando a decisión que se adopte.

Non se valorarán as materias que formen parte de titulacións académicas.

Non se valorarán partes dos contidos dunha acción formativa.

Non se valorarán materias que formen parte de cursos/másteres propios.

Non se valorarán módulos nin unidades de competencia.

Puntuarase como impartición a docencia universitaria.

Valoraranse os certificados de profesionalidade recollidos no Repertorio Nacional de Certificados de Profesionalidade cando estean relacionados ou sexan relevantes para a realización das funcións da praza/posto que se convoca.

Non se valorarán cando os módulos do certificado de profesionalidade formen parte da titulación presentada para o acceso ao proceso selectivo ou de titulacións valoradas no apartado anterior.

As publicacións, proxectos ou similares relacionados coas funcións da praza/posto de traballo que se convoca, valoraranse a criterio do Tribunal de selección en función do seu contido e da relevancia para o exercicio das funcións.

▪ **Cadro de valoración de másteres propios, certificados de profesionalidade, cursos, xornadas, seminarios, congresos e similares:**

FORMACIÓN	PUNTUACIÓN POR HORA
Asistencia	0,010
Aproveitamento/certificados de profesionalidade/créditos	0,020
Impartición/docencia universitaria	0,030
Publicacións, proxectos ou similares	A criterio do Tribunal tendo en conta as puntuacións anteriores

▪ **Forma de acreditar as accións formativas:**

A acreditación realizarase mediante orixinais (que contén o código de verificación da Entidade que o expida), copia autenticada ou copia compulsada do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal, que acredite a denominación da acción formativa, contido, número de horas, determinación de si é de asistencia, aproveitamento ou impartición e entidade que organiza.

Para acreditar as publicacións, proxectos ou similares, precisarase o orixinal (que conta co código de verificación da Entidade que o expida), copia autenticada ou copia compulsada do documento acreditativo ou certificado con validez legal, que permita apreciar con claridade o contido e a dimensión da acción correspondente.

B-3 IDIOMA GALEGO. A puntuación máxima neste apartado será de **1 punto**.

Criterios de valoración idioma galego

Valoraranse os coñecementos do idioma galego superiores ao CELGA 4, cando sexan útiles e relacionados co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

Non se puntuará o nivel de galego esixido na convocatoria.

Só se puntuará a acción formativa que teña maior puntuación.

▪ **Cadro de Valoracións idioma galego:**

NIVEL DE GALEGO	PUNTUACIÓN
Nivel de galego C1 ou CELGA 4.	0,50
Curso de nivel medio de linguaxe administrativo galego, curso de nivel medio de linguaxe administrativo local galego, curso de linguaxe xurídica galego, ciclo superior de estudos de galego das escolas oficiais de idiomas, nivel de galego C2 ou CELGA 5.	0,75
Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega, ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega.	1,00

▪ **Acreditacións do nivel de galego**

Acreditarse mediante orixinal (documento con sinatura electrónica ou código seguro de verificación), copia autenticada ou copia compulsada do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal.

B-4 OUTROS IDIOMAS OFICIAIS. A puntuación máxima no apartado é de **1 punto**.

▪ **Criterios de valoración doutros idiomas oficiais.**

O Tribunal poderá valorar idiomas oficiais que considere relacionados co desempeño das funcións da praza/posto que se convoca.

Só se puntuará de cada idioma o nivel de maior puntuación.

Para a valoración teranse en conta os niveis recollidos no Marco Europeo Comunitario.

Os Idiomas non comunitarios valoraranse a xuízo do tribunal tendo en conta o cadro do Marco Europeo de referencia.

Outras actividades formativas ou cursos que se realicen por organismos oficiais serán valorados a criterio do Tribunal.

▪ **Cadro de valoración de idiomas:**

IDIOMAS COMUNITARIOS MARCO EUROPEO	PUNTUACIÓNS
NIVEL C2	1,00
NIVEL C1	0,80
NIVEL B2	0,60
NIVEL B1	0,40
NIVEL A2	0,20
NIVEL A1	0,10
OUTROS IDIOMAS OFICIAIS	Valoraranse a xuízo do Tribunal tendo en conta as puntuacións anteriores
CURSOS REALIZADOS POR ORGANISMOS OFICIAIS	

▪ **Acreditación doutros idiomas**

Acreditaranse mediante orixinal (documentos con sinatura electrónica ou código seguro de verificación), copia autenticada ou copia compulsada do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal.

9.- PROGRAMA DE ACCESO**A. MATERIAS COMÚNS**

1. A Constitución Española. Principios xerais. A Provincia coma entidade local. A Deputación de Lugo e as súas competencias e organización.

B. MATERIAS ESPECÍFICAS

2. Cunetas ou gabias: materiais e execución. Drenaxes, materiais e execución. Formigóns: características, composición e dosificación. Encofrados.
3. Firmes e pavimentos. Capas granulares. Mesturas bituminosas. Composición, materiais, ensaios elementais e execución.
4. Movemento de terras. Explanacións. O desmonte, o terraplén e o pedraplén. Coñecementos básicos sobre a execución.
5. Coñecementos xerais da maquinaria empregada na construción e conservación de estradas. Operacións de conservación ordinarias: descrición e tarefas.
6. Atención de emerxencias. Viabilidade invernal. Limpeza de neve e tratamento antixeo.
7. Principios xerais en materia de seguridade e saúde aplicables ás actuacións en estradas. Sinalización de seguridade e saúde no lugar de traballo: cores de seguridade. Tipos de sinais. Sinalización, balizamento e defensas. Sinalización horizontal e vertical de estradas.
8. Traballos de conservación, blandóns, podas, talas de árbores, maleza. Tratados de prevención e en xeral todo tipo de materiais para retirar na estrada. Maquinaria e ferramenta de pequena potencia a utilizar.
9. Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia: Título I, Título IV: capítulo I e Título V: capítulos I e II.

Lugo, 16 de marzo de 2026.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0677

CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

Anuncio

Mediante Resolución da Presidencia do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento de data 10 de marzo do 2026, aprobouse a convocatoria do procedemento para a selección e provisión de 37 prazas de bombeiro-condutor do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, incluídas na Oferta de Emprego Público do Consorcio do ano 2025.

As bases que rexirán o proceso foron publicadas íntegramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo n.º 198, de 29 de agosto de 2025, e a súa modificación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo n.º 056, de 10 de marzo de 2026.

O prazo de presentación de solicitudes, de acordo á base Cuarta das bases, será de **vinde días hábiles**, a contar dende o día seguinte seguinte ao da publicación desta convocatoria no «Boletín Oficial del Estado».

As sucesivas comunicacións referentes a esta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no apartado correspondente ás Ofertas de Emprego Público da páxina web do Consorcio (<https://salvamentolugo.org>), e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Consorcio (<https://salvamentolugo.org/sede-electronica/>).

Lugo, 16 de marzo de 2026.- O secretario-interventor, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0678

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente do CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVICIO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO foron tomados en consideración os proxectos das obras:

BARREIROS.- Reforma do Parque de Bombeiros de Barreiros

CHANTADA.- Ampliación do Parque de Bombeiros de Chantada

MONFORTE DE LEMOS.- Reforma do Parque de Bombeiros de Monforte de Lemos

SARRIA.- Ampliación do Parque de Bombeiros de Sarria

VILALBA.- Ampliación do Parque de Bombeiros de Vilalba

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Os devanditos proxectos estarán a disposición na Secretaría do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.

Lugo, 16 de marzo de 2026.- O secretario, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0679

CONCELLOS

BURELA

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto nos artigos 58.1 da Lei 20/2011, de 21 de xullo, de Rexistro Civil e 51 do Código Civil, publícase que pola Alcaldía do Concello de Burela en data 21 de agosto de 2024 adoptou Decreto que di:

PRIMEIRO.- Delegar no Primeiro Tenente de Alcaldesa de esta Corporación Mario Pillado Mon a competencia para a autorización do matrimonio civil entre Isis Caridad Suárez Riesgo e Denis Fernández Carballeira, que se celebrará o 22 de marzo de 2026, ás 12:30 horas, no Salón de Plenos do Concello de Burela.

SEGUNDO: Dar traslado da presente Resolución ao Pleno Corporativo na primeira sesión ordinaria que celebre.

Burela, 11 de marzo de 2026.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 0659

A FONSAGRADA

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía do 12 de marzo de 2026, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrência ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de febreiro de 2026, polo importe total de 11.513,45 € (dependencia) e 412 € (prestación básica).

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA).

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 12 de marzo de 2026.- O alcalde, Carlos López López.

R. 0664

LUGO

Anuncio

CONVOCATORIA PÚBLICA DA COBERTURA, EN COMISIÓN DE SERVIZOS DE 1 POSTO DE LETRADO/A ASESOR/A NO SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

Vista providencia do xefe da Asesoría Xurídica e o Alcalde Presidente do Concello de Lugo de 5 de marzo de 2026, para a provisión de 1 posto de traballo no Servizo de Asesoría Xurídica do Concello de Lugo, para a súa cobertura en comisión de servizos por un prazo máximo de un ano prorrogable por outro, mediante este anuncio se pon en xeral coñecemento dos/as interesados/as que cumpran os requisitos sinalados para esta provisión, para que presenten instancia por rexistro de entrada do Concello de Lugo, ben presencial ou telematicamente, coa solicitude do posto, acompañándose do currículo vitae e informe positivo da Administración de procedencia no prazo de 5 días hábiles dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Nº Postos	Denominación Posto	Código	Escala	Subescala	Grupo	Observacións
1	LETRADO/A ASESOR/A	03/142/1	A.E/A.X.	TEC.	A1	Aberto a todas as administracións

Para a súa difusión e xeral coñecemento, poñerase anuncio no Taboleiro da sede electrónica e remitirase o anuncio aos correos corporativos.

Lugo, 10 de marzo de 2026.- A tenenta de alcalde delegado da Área de Xestión Integral de Recursos internos, Ilma. Sra. Ana María González Abelleira.

R. 0660

MEIRA

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 12 de marzo do 2026, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiros, lixo e canon de auga da Xunta, correspondente o 4º. **bimestre do exercicio 2024**, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 12 de marzo do 2026 ao 12 de maio do 2026.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interporse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Meira, 12 de marzo do 2026.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 0661

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (1 PEÓN) AO ABEIRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS – PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2025

POSTO DE TRABALLO: 1 PEÓN

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro, será necesario adiantala por fax(982 367150), antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso - Oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Pedrafita do Cebreiro

Pedrafita do Cebreiro, 13 de marzo de 2026.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 0680

SARRIA

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO

PADRÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

EDICTO

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notificase colectivamente a liquidación do prezo público correspondentes ó servizo de axuda no fogar do **MES DE FEBREIRO DE 2026**.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias de servizos sociais do Concello de Sarria, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquer outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co establecido no art º 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo e artº 6 da ordenanza fiscal municipal comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

Nos primeiros vinte días do mes seguinte á prestación do SAF, na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto.

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Sarria, 12 de marzo de 2026.- O alcalde-presidente, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 0665

Anuncio

O día 13/03/2026 o Sr. Presidente do O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme, mediante Resolución 2026-0080 de data 13/03/2026, acordou o seguinte:

“RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

O 04/03/2026 o Tribunal Cualificador publicou os resultados do proceso selectivo convocado pola Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme, Organismo Autónomo do Concello de Sarria para a provisión dunha praza de auxiliar administrativo/a, como persoal laboral fixo, G.C. 7, para a súa provisión mediante acceso libre a través do sistema de concurso-oposición.

Nesa mesma data elevouse a esta Presidencia a proposta de finalización do proceso selectivo, propoñendo a contratación de **Dona INMACULADA JIMENEZ NUÑEZ co DNI **880***, para ocupar apraza de auxiliar administrativo do Organismo Autónomo “Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme”, dependente do Concello de Sarria, incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2025, así como acreación da bolsa de emprego establecida na base 9.

Vista a Resolución 2026-0069, de data 04/03/2026, na cal se da por finalizado o expediente de selección e se eleva a definitiva a proposta de contratación de **Dona INMACULADA JIMENEZ NUÑEZ**, abríndose o prazo de presentación da documentación acreditativa dos méritos.

Vista a documentación presentada pola aspirante proposta, así como a proposta de contratación de data 09/03/2026.

Vista a Dilixencia de Conformidade 2026-0015, de data 11/03/2026, emitida pola Intervención Municipal.

Considerando os puntos 8 e 9 das bases e a comentada proposta

Vistas as competencias que me outorga o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, así como o artigo 7 dos Estatutos do O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme,

RESOLVO:

Primeiro. Contratar a Inmaculada Jiménez Núñez (**880*) como persoal laboral fixo para ocupar a praza de auxiliar administrativo/a, G.C. 7, incluída na OPE 2025, sendo a data de inicio do contrato o 16/03/2026

Segundo. Notificar a presente resolución á persoa interesada.

Terceiro. Comunicar a presente resolución á Intervención Municipal e ao Departamento de Administración, aos efectos oportunos

Cuarto. Publicar a presente resolución na sede electrónica do O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme <https://residenciamaiornosasradocarme.sedelectronica.gal> e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo

O presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde en Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Non obstante poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación, contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolvera expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estívese conveniente.

Sarria, 13 de marzo de 2026.- O presidente, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 0681

SOBER

Anuncio

O Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 26.02.2026 acordou a Modificación do Acordo regulador do prezo público polo servizo de atención educativa e comedor documento que ten o seguinte contido literal:

“ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLO SERVIZO DE ATENCIÓN EDUCATIVA NA ESCOLA INFANTIL DO CONCELLO DE SOBER

Artigo 1.- Fundamento legal

En uso das atribucións conferidas nos artigos 41 ó 47 e 127 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este concello establece o prezo público polo servizo de atención educativa na Escola Infantil (EI) do concello de Sober.

Artigo 2.- Orzamento de feito

1. A obriga de pagamento do prezo público xurdirá pola prestación, en réxime de xestión directa ou indirecta, do servizo de atención educativa na Escola Infantil (EI) do concello de Sober.
2. A dita obriga nace dende que se inicie a prestación do servizo de atención educativa pola Escola infantil do concello de Sober, aínda que a Corporación poderá esixir o depósito previo do seu importe total ou parcial, conforme ó artigo 46 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Artigo 3.- Suxeitos obrigados

Estarán obrigados ó pagamento das cantidades que se establecen como prezo público os que se beneficien dos servizos ou actividades polo que deban satisfacer aquel.

Artigo 4.- Contía

1. A matrícula anual ascende a 60 euros, subvencionada pola Xunta de Galicia.
2. A cota a satisfacer pola atención educativa calcularase de acordo aos tramos de renda per cápita da unidade familiar- IPREM, subvencionada ao 100% pola Xunta de Galicia.

A aplicación deste importe realizarase segundo os tramos de renda da unidade familiar que se indica a seguir:

- a) Rendas inferiores ao trinta por cento do indicador público de renda de efectos múltiples, en diante IPREM. Prezo da praza 0 €.
- b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM. Prezo da praza: 0 €.
- c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM. Prezo da praza: 34,91 €.
- d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM. Prezo da praza: 69,81 €.
- e) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por por cento do IPREM. Prezo da praza: 112,13 €.
- f) Rendas comprendidas entre o 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM. Prezo da praza: 133,29 €.
- g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM. Prezo da praza: 147,05 €.
- h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM. Prezo da praza: 169,26 €.

Segundo o nivel de renda da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no art. 5 desta ordenanza.

No caso de existir máis demanda que prazas ofertadas na EI, terán prioridade as familias coa renda máis baixa nos termos expresados.

3. O cálculo da renda familiar farase do modo que se indica a seguir:

- a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:
 - Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes destes/as.
 - Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
 - Os/as fillos/as maiores de dezaioito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente ao 31 de decembro do ano ao que se refiran os datos económicos aos que se refiren as seguintes regras.

- b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que comece o curso escolar, no cal se pretenda que forneza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeneral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

A documentación anterior poderá ser substituída pola correspondente autorización á Administración con competencia en materia de escolas infantís 0-3 para obter os datos necesarios para determinar os ingresos totais para estes efectos a través das correspondentes administracións tributarias.

- c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementaranse nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar á que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

4. Cota a satisfacer polo servizo de comedor:

As persoas usuarias que fagan uso do servizo de comedor deberán aboar a cota correspondente que se calculará de acordo aos Tramos de renda per cápita da unidade familiar.-

A aplicación deste importe realizarase segundo os tramos de renda da unidade familiar que se indica a seguir:

a) Rendas inferiores ao 50 por cento do indicador público de renda de efectos múltiples, en adiante IPREM. Prezo da praza 30 €

b) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 100 por cento do IPREM. Prezo da praza: 80 €

c) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 200 por cento do IPREM. Prezo da praza: 100 €

d) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM. Prezo da praza: 124 €.

No caso de que un alumno ou alumna precisase deste servizo algún día solto, solicitarao antes do día que necesite. O importe do día solto ascende a 6,20 €.

Artigo 5.- Exencións e bonificacións

1. Aplicarase un desconto do 100% da cota pola atención educativa e cota da matrícula segundo o establecido nas Ordes anuais pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para cada curso escolar.

A entrada en vigor desta bonificación prodúcese desde o 1 de setembro ata o 31 de xullo de cada curso escolar.

Se por motivos da necesaria conciliación da vida familiar e laboral os centro permanecera aberto no mes de agosto, dito mes será aboado polas familias.

2. Segundo o Decreto 91/2014, de 17 de xullo, polo que se modifica o Decreto 49/2012, de 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 no seu art. 5. de Exencións de pago establece no seu art. b) que “As familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda desfrutarán, así mesmo, da exención total da cota”.

3. Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre as tarifas mensuais do comedor aplicaranse as seguintes reducións que non son acumulables entre si:

- Familias numerosas: 20%
- Familia monoparental: 20 %
- Outros irmáns no centro: 20 % ó segundo/a fillo/a e seguintes
- As familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda: 100 %
- Familias con renda per cápita igual ou inferior a 7.500 € anuais: 100 % a partir do 2º fillo/a que acuda á mesma escola.

Cando por circunstancias sobrevidas (solicitud fora de prazo, traslado de residencia, etc.), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50%.

Artigo 6.- Xestión

1. O suxeito obrigado procederá a domiciliar o pagamento do prezo público. Nestes casos ordenarase o cargo na conta bancaria facilitada, durante os primeiros 10 días de cada mes.

2. Cando por causa non imputables ao obrigado ao pagamento do prezo, o servizo non se preste ou desenvolva, procederá á devolución do importe correspondente.

3. As baixas no servizo de comedor deberán ser anunciadas con unha semana de antelación a data en que se produza a dita baixa, no caso de no realizarse o dito aviso, cobrarse a cota prorrateada de acordo aos días de baixa.

4. As débedas por prezos públicos esixiranse polo procedemento de constrinximento.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Quedan derogadas cantas disposicións municipais de igual ou inferior rango opóñanse ao que se establece nesta Ordenanza, e en particular, a “ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL (EI) NO PUNTO DE ATENCIÓN A INFANCIA DO CONCELLO DE SOBER. publicada no BOP de Lugo num. 229 de data 6 de Outubro de 2022.

DISPOSICIÓN FINAL

O Acordo regulador, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

O que se fai público para xeral coñecemento facendo constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da publicación. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso que se estime conveniente."

Contra o presente Acordo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede en A Coruña no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da publicación deste anuncio.

Sober, 11 de marzo de 2026.- O alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 0662

TABOADA

Anuncio

RELACIÓN DE APROBADOS NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA

Concluído o procedemento para A PROVISIÓN EN PROPIEDAD COMO PERSOAL LABORAL FIXO DE 6 AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR POLO PROCEDUREMTO DE CONCURSO-OPOSICIÓN, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO CONCELLO DE TABOADA PARA O ANO 2022, PARA A ESTABILIZACION DE EMPREGO TEMPORAL PREVISTA NO ARTIGO 2 E DISPOSICIÓN ADICIONAL OITAVA DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 14 de novembro de 2022 publicadas no BOP de Lugo nº 262 de data 16 de novembro de 2022.

Vista a publicación no BOP de Lugo nº 207 de venres 8 de setembro de 2023 onde se publica para o seu xeral coñecemento a relación de aprobados por orde de puntuación e vista a documentación presentada polas aspirantes propostas a nomeamento.

Vista a proposta de data 11 de marzo de 2026.

Publicase para o seu xeral coñecemento a relación de aprobados por orde de puntuación, que é a seguinte:

	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL	CELGA 1
Sétima	FONSECA GUIMARES VANDELEIA	***0904**	60,10	APTO

A aspirante proposta deberá acreditar ante este Concello, no prazo de vinte días desde a publicación do presente anuncio os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Taboada, 12 de marzo de 2026.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 0663

XOVE

Anuncio

D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local.

Visto o disposto no artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo no que se prevé que corresponde aos Tenentes de Alcalde substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento ó Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.

Visto que o citado artigo establece que nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento, as funcións do Alcalde non poderán ser asumidas polo Tenente de Alcalde a quen corresponda, sen expresa delegación que reunirá os requisitos do artigo 44 apartado primeiro e segundo do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Visto que o artigo 44 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais indica que as delegacións serán realizadas mediante Decreto da Alcaldía que conterà como mínimo o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades que se deleguen, así como as condicións específicas do exercicio das mesmas, na medida en que se concreten ou aparten do réxime xeral previsto e que a delegación de atribucións do Alcalde surtirá efecto dende o día seguinte á súa data, salvo que nela se dispoña outra cousa, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Sendo que o titular da Alcaldía municipal vai estar ausente por viaxe institucional a Santiago de Compostela o día 18 de marzo de 2026, data para a que está debidamente convocada a celebración da sesión da Comisión Especial de Contas para informar a Conta Xeral do concello de Xove para o ano 2026.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Delegar en dona María Dolores Meitín Guerreiro, primeira tenente de Alcalde do concello de Xove, a totalidade das funcións desta Alcaldía o día 18 de marzo de 2026, delegación que produce efectos dende a sinatura da presente resolución .

SEGUNDO.- Da presente resolución darase traslado ao 1ª Tenente de Alcalde e será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

TERCEIRO.- Desta Resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre.

CUARTO.- Contra este Decreto, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co lo que establece o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de acordo co que dispón o artigo 112 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderá interporse, con carácter previo e potestativo, Recurso de Reposición ante a Alcaldía de este Concello, no termo de un mes a contar dende o día seguinte á recepción da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante Sección do Contencioso Administrativa do Tribunal de Instancia de Lugo no prazo de 2 meses.

Xove, 16 de marzo de 2026.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 0682